

PONTEAREAS**E D I C T O**

Solicitando desta Alcaldía Pedro Garrido González, en representación de “Ciudad C.B.”, licencia municipal para instalación da actividade de “Cafetería”, sita na rúa Dos Carballos, 1-baixo, deste municipio de Ponteareas e cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2, do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por un período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que escomenzará a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no “Boletín Oficial” da provincia— poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que de algún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Ponteareas, a 22 de maio de 2007.—O Alcalde,
ilexible. **2007005448**

Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Ensinanzas na Escola de Música “Vila do Corpus” do Concello de Ponteareas.

ARTIGO 1º.—NATURAZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 20.4 e 57 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Fachendas Locais, o concello de Ponteareas establece a Taxa por ensinanzas na Escola de Música “Vila do Corpus” do concello de Ponteareas.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de Escola Municipal de Música.

ARTIGO 3º.—OBRIGADOS TRIBUTARIOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten a prestación dos servizos suxeitos ou resulten beneficiadas ou afectadas polos mesmos.

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas á que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4º.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria se determinará mediante o sistema de cotas fixas, conforme ás tarifas fixadas no artigo seguinte.

ARTIGO 5º.—TARIFAS

Concepto: Escola Municipal de Música de Ponteareas:

1. En Música e movemento (ata os 8 anos)

Dereitos de matrícula por curso escolar	30 euros
Cada unha das nove mensualidades (duración do curso)	20 euros
2. En Práctica Instrumental (a partir dos 8 anos)

Dereitos de matrícula por curso escolar	35 euros
Cada unha das nove mensualidades (duración do curso)	22 euros

Normas de aplicación das tarifas: as familias numerosas gozarán, en relación coas cotas tributarias desta taxa, das bonificacións seguintes:

- a) Familias numerosas de primeira clase: 50 por 100.
- b) Familias numerosas de segunda clase nude honor: 100 por 100.

ARTIGO 6º.—NORMAS ESPECIAIS DE XESTIÓN

A matrícula aboarase unha soa vez, no momento de realiza-la inserción. As mensualidades deberán satisfacerse nos dez primeiros días naturais de cada mes. Os interesados deberán recibir xustificantes do pagamento.

O ingreso realizarase na forma que se indique na Escola de Música.

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e nollicarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso de conformidade co sinalado no Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 7º.—BENEFICIOS FISCAIS

Só se aplicarán os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei ou en tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 8º.—DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixilo depósito previo do seu importe, total ou parcial.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, se estará ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa que a complementa ou desenrole.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que consta de 9 artigos, foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 26 de decembro de 2006. e entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no “Boletín Oficial” da Provincia, surtindo efectos en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.

Ponteareas, a 30 de maio de 2007.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2007005552**

* * *

O PORRIÑO*Rectificación de error*

Advertido error no anuncio da aprobación provisional do expediente de transferencia de crédito número 6/2007, publicado no B.O.P. do día 10 de maio número 91, debe procederse á súa rectificación de conformidade co disposto no artigo 105.2 da lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico da Administración Pública e Procedemento Administrativo Común, así onde di:

— “O Pleno do Concello do Porriño, en sesión celebrada o día 19 de abril de 2007...”.

Debe decir:

— “O Pleno do Concello de Porriño, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2007...”.

O Porriño, a 1 de xuño de 2007.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2007005550**

* * *

RODEIRO**E D I C T O**

Solicitado nesta Alcaldía por dona Beatriz López Faílde, licenza municipal para a instalación de establo de vacún e instalacións complementarias, a situar en Cristimil-San Cristovo do Az, cumprindo o disposto polo párrafo a), do número 2, do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por un período de dez días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que comenza a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no “Bole-

tín Oficial” da provincia—poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Rodeiro, a 31 de maio de 2007.—O Alcalde, en funcións, ilexible. **2007005493**

* * *

O ROSAL**A N U N C I O**

Mediante resolución da Alcaldía de 29 de maio do presente ano acordouse aproba-las bases e a convocatoria para cubrir prazas de persoal laboral durante a XV edición da Feira do Viño do Rosal, mediante a contratación laboral de carácter temporal a tempo completo de sete traballadores/as durante os días 13, 14 e 15 de xullo de 2007.

Pala presente ábrese un prazo de 7 días naturais, a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP, para presentar as solicitudes e demais documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello ou ben mediante calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, todo elo de conformidade coas bases da convocatoria.

O Rosal, a 30 de maio de 2007.—O Alcalde en Funcións, Jesús M. Fernández Portela. **2007005449**

* * *

T U I*Anuncio de Adxudicación***1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

- a) Organismo: Concello de Tui.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría-Contratación.

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Tipos de contrato: Contrato de obra.
- b) Descrición do obxecto e data de publicación anuncios licitacións: “Acondicionamento da zona anexa á Praza de Abastos con destino estacionamento de vehículos”, publicado no DOG o 15/03/07 e e no BOP 15/03/07.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Tramitación: urxente.